



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Administración e internet. Web. Sede. Interoperabilidade. Sistemas de notificación electrónicos

GRUPO: Cursos Autonómico

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	15
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	ANULADO	ANO:	2014
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 25/01/2014 - 08:00h ao 03/02/2014 - 14:00h

RESPONSABLE: ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

2. DESCRICIÓN

DESCRICIÓN CURSO

A aprobación do Decreto 198/2010, de 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, supón un cambio organizativo substancial, xa que ordena o proceso de desenvolvemento dos servizos electrónicos e desenvolve, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o dereito da cidadanía a relacionarse coa Administración pública galega por medios electrónicos

Dentro deste réxime, o capítulo II do Decreto 198/2010, que regula a sede e o rexistro electrónicos, crea a sede electrónica da Xunta de Galicia, instrumento que converte en realidade a posibilidade da cidadanía de relacionarse coa Administración xeral de Galicia coas garantías e dereitos esixidos pola Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

A sede electrónica da Xunta de Galicia configúrase como a dirección electrónica que asegura a calidade da información, a coherencia na navegación, a procura integrada e a accesibilidade. Igualmente, a sede electrónica debe asegurar a identificación e comunicación seguras, o acceso ao Rexistro Electrónico, ás comunicacións, ás notificacións e aos formularios de solicitude para iniciar os procedementos administrativos ou solicitar a prestación de servizos.

Este curso pretende aprofundar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da sede electrónica e dos servizos prestados polas AAPP a través de internet, con especial fincapé na interoperabilidade e nos sistemas de notificación electrónicos. Os contidos do programa enfocarán desde distintas perspectivas os conceptos a tratar, para que os destinatarios adquiren e perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos complementando a súa formación na materia.

DESTINATARIOS

Persoal funcionario dos subgrupos A1 e A2 da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

1. Internet e Innovación nas AAPP
2. Sede electrónica. Aspectos legais e técnicos
3. Servizos horizontais da Administración electrónica: @firma, pasarelas de pagos, etc.
4. Notificacións Telemáticas Seguras (SNTS)
5. Interoperabilidade

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Relación do posto de traballo cos mecanismos de implantación e desenvolvemento da e-Administración.

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 21/04/2014 a 29/04/2014

NUM. PRAZAS: 20

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE